



Concello de Boiro

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

SESIÓN 1 - 08/04/2022

Tribunal de selección:

Presidente: Ignacio Soto Álvarez

Secretario/a: Ángela M^a Viqueira Allo

Vogal 1: Juan Jesús Raposo Arceo

Vogal 2: Mónica Neira Mato

Vogal 3: Daniel Beiras García-Sabell

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro, sendo as 09:00 horas do 08/04/2022, baixo a presidencia de Ignacio Soto Álvarez reúnen os membros do tribunal designado para o proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario de carreira) polo sistema de concurso-opsión libre correspondente á oferta de emprego público do Concello de Boiro do ano 2019.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por resolución de alcaldía de data 16/11/2021. O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 221 de data 19/11/2021, na páxina web do concello www.boiro.org e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Boiro.

A relación de candidatos/as admitidos/as, designación do tribunal e a convocatoria para o 1º exercicio da oposición foi publicada no BOP núm. 54 de 21/03/2022, na páxina www.boiro.gal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Boiro.

O obxecto nesta sesión é a constitución e a realización do 1º exercicio da oposición e a súa valoración.

1º.- PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN (Base núm. 8.1.a) das bases de selección)

Esta proba consiste en expoñer oralmente en sesión pública ante o Tribunal, durante un tempo máximo de 30 minutos, tres temas extraídos ao azar entre os comprendidos no temario do anexo II, dun tema do grupo da parte xeral entre dous extraídos ao azar e dous temas do grupo da parte especial entre tres extraídos ao azar.

Sistema de avaliación: O exercicio cualificouse de 0 a 20 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden dita puntuación serán eliminadas.

Ás 09:35 horas procédese a realizar o chamamento dos aspirantes, concorrendo os seguintes:

Nº	NOME
2	BANHOS MARTINS, MARINHA CONSTANZA
3	BELLAS RODRIGUEZ, MARTA
13	PEREIRA DA SILVA, AMELIA ROSALIA

Concello de Boiro



Concello de Boiro

As persoas candidatas convocadas que non se relacionan e non comparecen á realización da proba quedan excluídas do proceso selectivo.

Ás 09:38 as aspirantes entran no Salón de Plenos, lugar de celebración do exercicio, procedendo o Sr. Presidente a explicar en qué consiste a realización do exame así como os criterios do corrección do mesmo.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o tribunal, por unanimidade, acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Nº	NOME	NOTA 1º EXERCICIO
2	BANHOS MARTINS, MARINHA CONSTANZA	NON APTA
3	BELLAS RODRIGUEZ, MARTA	NON APTA
13	PEREIRA DA SILVA, AMELIA ROSALIA	NON APTA

O tribunal acorda declarar deserto o proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario de carreira) polo sistema de concurso-opsión libre correspondente á oferta de emprego público do Concello de Boiro do ano 2019 .

2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

O tribunal acorda por unanimidade establecer un prazo de **TRES** días hábiles, contados a partir da data de publicación dos resultados para a presentación de posibles alegacións ás puntuacións outorgadas na proba.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 13:25 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

Ignacio Soto Álvarez

Ángela M^a Viqueira Allo

Juan Jesús Raposo Arceo

Mónica Neira Mato

Daniel Beiras García-Sabell

Concello de Boiro